



MOCIÓN POLA RETRANSMISIÓN DOS PLENOS EN STREAMING

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia é hoxe un principio que nos achega non só a unha política máis ética, senón tamén a unha política máis eficiente e inclusiva, que a cidadanía poida acceder a todos os datos e a información que tanta relevancia teñen sobre a súa vida cotiá é un dereito que entendemos fundamental e que todas e todos os representantes públicos deberíamos defender.

O caso desta Deputación Provincial da Coruña non é moi distinto, desde aquí xestiónanse e tómanse decisións que lle afectan a toda a provincia, aos 93 concellos e, por tanto, á súa cidadanía.

Esta é unha provincia grande e extensa, con dificultades na súa comunicación interna, o que dificulta a asistencia directa dos veciños e das veciñas aos plenos.

Entendemos que debemos facer un esforzo por achegar á cidadanía de toda a provincia aos plenos desta Corporación, servíndonos das posibilidades que nos ofertan as novas tecnoloxías, tecnoloxías, que ademais permitirían levar a cabo esta proposta sen ser necesarios grandes investimentos.

Polo exposto, o Grupo provincial da Marea Atlántica propón o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao Goberno provincial á dotación de medios técnicos para a emisión en directo dos Plenos provinciais a través de Internet, do streaming.
- 2.- Utilización das redes sociais desta institución para a retransmisións dos plenos e a narración das intervencións dos e das deputadas.
- 3.- Habilitación na web e nas redes sociais da Deputación Provincial da Coruña dun espazo no que publicar os asuntos da orde do día dos distintos plenos.
- 4.-Habilitación na web da Deputación Provincial da Coruña dun espazo onde aloxar as distintas gravacións coa finalidade de poder realizar as consultas desexadas tras a celebración dos plenos